



O voceiro do BNG de Outes, Anxo Núñez Fernández, e compañeiras.

Somos a alternativa de goberno 2027. Proxecto e traballo para recuperar o esplendor de Outes

No noso equipo temos a Outes na cabeza e no corazón. Sabemos das necesidades do noso pobo e somos a alternativa de goberno para acometer os cambios transformadores que a nosa veciñanza precisa.

Sabemos que a tarefa non é sinxela, mais temos a visión e capacidade de traballo para facer que un concello coma o noso avance. Nós xa demostramos, no pouco tempo que tivemos, un traballo incansable e un proxecto para conseguilo.

Queremos un concello eficiente, que acelere o período medio de resolución dos problemas e que dea unha resposta eficaz a toda a súa veciñanza. Unha administración que, dentro das súas capacidades e competencias, dea facilidades e resposta aos seus cidadáns.

Imos traballar por un Outes con oportunidades, onde se aposte polo desenvolvemento económico e a creación de emprego. Un goberno local que non poña paus nas rodas e que incentive a industria e o comercio local.

Queremos unha terra coidada, e sabemos as medidas que hai que aplicar para mellorar a eficiencia no mantemento dos espazos públicos. Queremos que Outes recupere o seu esplendor, traballando tamén da man doutras administracións e concellos da ría, para buscar o mellor equilibrio económico co maior rendemento posible.

En definitiva, queremos que Outes sexa referente de goberno construtivo que escoite á veciñanza. Contamos cun proxecto valioso para acadar os obxectivos estratéxicos que Outes necesita para facer, do noso, un concello que vai a máis.

Rexeitamos que Outes volva a ser portada polo barullo e a confrontación que algúns buscaron para xustificar o inxustificable. Queremos que Outes volva a ser portada por facer ben as cousas.

Veciñas, veciños: **temos experiencia, o noso proxecto é a mellor garantía que ten a veciñanza para apoiarnos a liderar o cambio no 2027.**



Imaxe da nosa intervención no pleno onde se debatiu a moción de censura de Outes

Un goberno traballador e cumpridor coa veciñanza que deixa aprobados 2.500.000€ en obras e investimentos

Un goberno eficaz expulsado con mentiras por intereses económicos

Logo das eleccións municipais do 2023 onde as forzas de esquerda do concello acadamos unha maioría clara: o 53,35 % dos votos (1.996), chegamos a un acordo para gobernar Outes seguindo o mandato democrático das urnas. O BNG pasou ao goberno coa tenencia de alcaldía do concello coas áreas de: Cultura, Xuventude, Festas, Comunicación, Mobilidade, Turismo e Patrimonio e a xestionar, man a man, buscando sempre o mellor para a veciñanza.

Demos os primeiros pasos na mellora da xestión de Outes pondo en marcha o proxecto do BNG nas áreas da nosa responsabilidade e contribuíndo a desenvolver un goberno estable e sólido. Axilizouse o pago a provedores, mellorouse amplamente a transparencia e comunicación coa veciñanza e executáronse importantes obras de mantemento e mellora das infraestruturas xa existentes. Os nosos obxectivos xerais sempre foron claros: Mellora do mantemento e da xestión municipal en todos os eidos, promover a economía local cun desenvolvemento sostible e poñer a Outes coma referente.

Unha moción de censura, coa compra dun tránsfuga por parte do PP, apartou a un goberno que funcionaba correctamente, que deixa 2,5 millóns de euros en obras e outros proxectos en marcha ou para facer nestes anos.

Todas eran accións necesarias para coidar o noso rural, dar máis e mellores servizos públicos á nosa veciñanza e dinamizar o concello culturalmente. O Partido Popular, pese aos seus enganados e manipulacións, era ben coñecedor disto e por iso fixeron todo o posible para levar adiante a moción de censura. **O PP non podía permitir que un goberno alternativo funcionara ben e os mantivera na oposición nas eleccións do 2027.**

Os cálculos electorais e os intereses persoais do PP e Caamaño fixeron de Outes un espectáculo ao presentar unha moción de censura que rematou, antes da metade do mandato, co goberno apoiado pola veciñanza nas eleccións do 2023.

O BNG contribuíu dende o goberno municipal á aprobación inicial do parque industrial de Outes, melloras importantes na rede de saneamento e abastecemento municipal, dixitalización e mellora



Anxo Núñez, portavoz municipal, coa tamén concelleira do BNG, Soledad Agra



Abre a páxina para continuar lendo

2,5 millóns de obras aprobadas polo goberno de coalición

da xestión co seguimento GPS dos vehículos municipais, humanización de rúas importantes da vila e da praza do concello así como pavimentacións de diversos núcleos rurais e un longo etc. O concello vén de aforrar máis de 100.000 € anuais grazas ao novo contrato da luz apoiado polo BNG.

Conseguimos da Xunta de Galiza o arranxo, tan necesario, da estrada Xeral (AC-550) dende Seilán ao Freixo, pasando pola Serra e o Cruceiro de Roo. Tamén loitamos polo arranxo, que tamén se vai acometer, da estrada da Xunta entre Seilán e a Ponte Nafonso, conseguimos o compromiso da Deputación para o arranxo da estrada entre Valadares e a Serra e estábamos a negociar a humanización da Rúa da Vila, conseguimos da Xunta recuperar o autobús de San Lourenzo e Tarás logo de anos sen servizo así como unha nova conexión nocturna a Compostela.

Presentamos o proxecto para a creación do sendeiro peonil-bici entre o Cruceiro de Roo e a Serra, sendo este o primeiro dentro dun



Recepción da I Fase da obra de pavimentación do lugar de Outes

plan máis amplo: ao longo de toda a AC-550 e tamén á marxe das estradas provinciais: Outes-Parque da Cruz, Santo Ourente-Areal e Ponte Nafonso-Riba de Mar. Melloramos amplamente a transparencia e a comunicación do concello aumentando o número de comunicados públicos, poñendo en marcha a “APP Outes Informa” coa que enviar incidencias e recibir información directa de toda a actividade municipal e deixando preparada a renovación da páxina web municipal co fin de axilizar as xestións co concello.

A compra dun tránsito, por parte do PP, impide completar gran parte do noso programa para este mandato pero, aínda así, fomos quen de demostrar a nosa valía e unha boa xestión. **O BNG pon, enriba da mesa, un proxecto claro e sabe que rumbo tomar para que Outes sexa un concello máis limpo, con máis oportunidades económicas e con maior calidade de vida para os seus veciños e veciñas. Estamos preparados para liderar o goberno que Outes precisa, contamos contigo!**

Listaxe das obras aprobadas ou en execución antes da moción de censura

Nº	OBRAS	IMPORTE	ESTADO	Nº	OBRAS	IMPORTE	ESTADO
1.	Humanización rúa Doutor Esperante (Outes)	150.306,66 €	EN EXECUCIÓN	27.	Pavimentación Lestelle (O Freixo)	49.575,72 €	ADJUDICADA
2.	Pavimentación en Lagoa (San Cosme)	55.928,56 €	EN EXECUCIÓN	28.	Mellora beirarrúas e saneamento no Cruceiro De Roo (Fase III) (Roo)	67.960,41 €	ADJUDICADA
3.	Mellora beirarrúas e saneamento no Cruceiro de Roo. Fase II (Roo)	61.320,00 €	REMATADA	29.	Mellora Enerxética Do Centro Social Da Serra De Outes	149.144,00 €	ADJUDICADA
4.	Mellora camiños Ousesende (Sto Ourente)	5.738,01 €	ADJUDICADA	30.	Instalación De Fotovoltaica na EDAR para autoconsumo	17.353,98 €	ADJUDICADA
5.	Mellora camiño Brión de Abaixo (Roo)	11.215,86 €	ADJUDICADA	31.	Pavimentación viais núcleo de Cambeiro (Outes)	35.497,18 €	ADJUDICADA
6.	Praza do Concello (licitada por Concello de Noia)	195.657,00 €	EN EXECUCIÓN	32.	Camiño e muro na Famelga (San Lourenzo)	36.015,25 €	ADJUDICADA
7.	Renovación alumeadado deportivo campo de fútbol de Outes	51.004,94 €	REMATADA	33.	Pavimentación viais en núcleo de Moledo (Outes)	58.416,30 €	EN LICITACIÓN
8.	Renovación alumeadado deportivo pavillón polideportivo de Outes	21.990,02 €	REMATADA	34.	Pavimentación viais en núcleo de Sendón (Valadares)	68.304,40 €	EN LICITACIÓN
9.	Pavimentación acceso en Vilardigo (Cando)	47.024,44 €	REMATADA	35.	Mellora viario en Braño (Sabardes)	57.449,92 €	APROBADA
10.	Pavimentación núcleo dos Muiños (San Ourente)	51.153,55 €	ADJUDICADA	36.	Renovación Abastecemento e Saneamento Avenida de Fistera (Serra)	124.493,66 €	APROBADA
11.	Remate Humanización Rúa da Capela (A Serra)	79.231,36 €	EN EXECUCIÓN	37.	Acondicionamento da planta superior colexio vello de Roo	129.473,62 €	APROBADA
12.	Mellora do camiño da Costa da Grela (Cando)	23.342,88 €	REMATADA	38.	Pavimentación vias en núcleo de Cando de Arriba (Cando)	28.504,78 €	APROBADA
13.	Ampliación Escola Infantil de Santo Ourente	103.761,66 €	ADJUDICADA	39.	Pavimentación viais en Catusueiro (O Freixo)	30.152,22 €	APROBADA
14.	Ampliación e renovación do cespede artificial do campo de fútbol	270.543,00 €	ADJUDICADA	40.	Pavimentación viais en Lantarou (Outes)	12.426,40 €	APROBADA
15.	Pavimentación acceso ao Porto do Freixo (O Freixo)	27.624,53 €	ADJUDICADA	41.	Senda da piscina municipal ao paseo fluvial do río Tins	71.583,59 €	APROBADA
16.	Pavimentación acceso a Cernadas (O Freixo)	12.269,60 €	ADJUDICADA	42.	Mellora do acceso á variante en Viro (Roo)	29.140,43 €	APROBADA
17.	Pavimentación acceso a Ánseres (O Freixo)	11.317,87 €	ADJUDICADA	43.	Mellora do pavimento Rúa do Cristo (Serra de Outes)	19.942,16 €	APROBADA
18.	Pavimentación viais en Outes (II Fase)	54.415,30 €	ADJUDICADA	44.	Zona de adestramento no campo de fútbol de Outes	31.110,16 €	APROBADA
19.	Pavimentación Camiño De Tarás A Riba De Mar (Tarás)	26.028,11 €	ADJUDICADA	45.	Camiño de Albán a Albeida	22.938,76 €	APROBADA
20.	Pavimentación Camiño Seilán-Ribas De Mar (Tarás)	24.705,67 €	ADJUDICADA	46.	Camiño de Brión de Arriba a Cambeiro	22.546,65 €	APROBADA
21.	Pavimentación Na Famelga (San Lourenzo).	4.495,46 €	ADJUDICADA	47.	Camiño en Viro	9.069,82 €	APROBADA
22.	Pavimentación Camiño De Esperante A Dp-6204 (Valadares)	7.529,73 €	ADJUDICADA	48.	Camiño en Siavo 1	9.344,13 €	APROBADA
23.	Camiño De Acceso A Viladomonte (Valadares)	7.789,27 €	ADJUDICADA	49.	Camiño en Siavo 2	8.669,30 €	APROBADA
24.	Beirarrúas en Lagoa (San Cosme)	25.948,94 €	ADJUDICADA	50.	Camiño en Mirás	8.446,97 €	APROBADA
25.	Pavimentación Camiño Subida A Gulfián (San Cosme)	9.844,88 €	ADJUDICADA				
26.	Pavimentación De Estrada Xeral A Bendimón (Roo)	7.556,93 €	ADJUDICADA				

Outes coma referente cultural

Dende as áreas de Cultura, Xuventude e Festas, o BNG traballou na mellora da calidade da oferta cultural municipal e na preservación e promoción das nosas tradicións, apostando pola cultura local e galega. Dinamizamos a vida da nosa veciñanza, así como un reclamo para atraer visitantes e facer do noso un concello máis atractivo para aumentar a poboación.

Recuperamos a tradición orixinal facendo o primeiro desfile, en 40 anos, **do Pampallín** e convertendo este nun festival multitudinario con artistas de grande calibre coma:



Imaxe do obradoiro de elaboración de San Cosmeiros.



Imaxe da 29ª edición do Pampallín.

The Rapants, Mondra, Monoulous DOP, Lontreira e Capital Voskov. Consequimos milleiros de euros en subvencións culturais e festivais (+ aforro para o concello). Tamén deixamos comprometidas para as festas municipais do Santiaguíño as seguintes Orquestras: **Panorama City, Olympus (2026), Origen, Fuego e Finisterre.**

Desenvolvemos o festival ABANEA de danza, o Atlántica de narración oral, aumentamos o Outono Teatral e ampliamos a oferta cultural no inverno.

Aumentamos os intercambios da escola municipal de baile e música tradicional e **deixamos aprobada a obra para aproveitar a planta superior do colexio vello de Roo coma nova sede da mesma e novo centro cultural da parroquia e, outra moi necesaria, para cambiar a cuberta e acabar cos graves problemas de humidade da banda municipal.**



Consequimos mellorar os servizos de telecomunicación dos Outesenses

Fixemos as xestións necesarias para acelerar a cobertura móbil do concello. É inaceptable que en pleno século XXI aínda haxa lugares de Outes que non teñan servizos mínimos de telefonía e internet. Sabíamos que non era unha competencia municipal e das limitacións do concello para dar solución a este problema pero, aínda así, asumimos unha tarefa constante de presión e diálogo coas compañías e administracións para solucionar este problema.

Durante o tempo que estivemos á fronte desta área, **executamos a construción de dúas torres de telefonía móbil** en Santo Ourente e Roo, a través dun convenio previo con AMTEGA, e **estábamos a estudar a construción doutras dúas: unha en Cabanamoura e outra para o val de Carleo-Moledo, dende Mirás servindo tamén a Valadares.**

Consequimos avanzar rápidamente no despregamento de fibra óptica en diferentes parroquias do concello, solucionando problemáticas enquistadas, a través do diálogo coas compañías provedoras: **pasamos de 0 a 100 na parroquia de Outes, Santo Ourente, aumento significativo en Cando, San Cosme, Roo, Freixo, Serra de Outes e moito máis.**

Turismo e patrimonio: a veciñanza primeiro

O turismo representa preto do 11% do PIB galego e xera un importante efecto multiplicador: crea emprego na hostalaría, dinamiza o comercio local e impulsa sectores vinculados como a distribución, a construción ou a transformación alimentaria. Aínda que unha xestión inadecuada pode xerar problemas, o turismo ben planificado contribúe a unha economía circular que beneficia ao conxunto da sociedade.

Dende a concellaría de turismo **apostamos por un modelo respectuoso coa cultura e o entorno, dirixido tanto a visitantes como á propia veciñanza**. Entre as primeiras medidas estivo a actualización de contidos da web de turismo, a creación dun mapa de recursos patrimoniais e hostaleiros e a mellora da promoción en redes sociais. Ademais, promoveuse a chegada dunha influencer de viaxes, cuxo impacto en redes se traduciu en máis visitas ao concello.

Paralelamente, ampliáronse as rutas guiadas que disfrutaron tanto veciños coma



A nosa concelleira encargada de turismo e patrimonio, Soledad Agra Tuñas

visitantes, **solicitouse a inclusión dos petróglifos no programa Compostela Rupestre e conseguiuase unha subvención para manter o Museo Asteleiro Ciprián aberto e presente en feiras como FITUR e B-Travel. Melloramos infraestruturas** co financiamento de subvencións destinadas só para proxectos turísticos, construíndo un miradoiro en Vistalegre á vez que se adecentou a zona renaturalizando o estanque, que levaba abandonado moitos anos. e elaborouse un estudo para unha futura ruta costeira entre o Freixo e Ponte Nafonso, pensada para camiñantes e ciclistas.

“Buscamos un turismo sostible e de calidade, lonxe da masificación”

A nosa visión e o que fixemos, en pouco tempo, buscaba poñer en valor o patrimonio natural e cultural de Outes, promovendo un turismo sostible, respectuoso co noso territorio, costumes e cultura, promocionando a calidade máis que a masificación



A primeira vivenda pública de Outes

En Outes, **atopar vivenda converteuse nun problema pese a ser un concello con moita vivenda baleira**. A oferta dispoñible véndese ou alégase de inmediato, mentres que moitas casas permanecen pechadas por precisar reformas. Esta situación dificulta e imposibilita, moitas veces, que novas familias se asentem, malia o atractivo dos servizos educativos, de conciliación e da proximidade á capital. **A situación require cambios legislativos da Xunta, xa que os concellos teñen poucas competencias**.

Aínda así, **o BNG viña demandando, dende o 2019, medidas a este respecto** e, xusto antes da moción de censura, **quedou preparada a primeira vivenda pública do concello para alugueiro social**: a antiga casa-escola do Bosque na Serra, cun regulamento que prioriza a xuventude e familias con baixos recursos. **Este servizo está pensado para ser unha axuda temporal** de dous a catro anos para a emancipación xuvenil ou en momentos de necesidade para familias desfavorecidas do concello. Ademais, quedou previsto arranxar tamén as vivendas das escolas de Tarás e Lantarou.

A primeira pedra para aumentar a dispoñibilidade de vivenda social de Outes á vez que se aproveitan e se coidan as propiedades do concello.

Voceira nacional do BNG

Ana Pontón: "O BNG é a forza política que defende sempre os intereses dos galegos e galegas"



Di vostede que o PP está facendo que Galiza vaia a menos.

Infelizmente é así. A propia sociedade galega percibe con claridade que as políticas da Xunta fan que Galiza non avance. A pesar de todos os recursos e potencial que temos como país, Galiza está estancanda. E no mundo actual, se non avanzas, retrocedes. O PP non ten proxecto para Galiza. Non hai política industrial, nin de emprego, nin económica. Todo é turismo low cost, propaganda na TVG e regalar o noso territorio a proxectos espoliadores e alleos. Galiza merece moito máis.

E Rueda parece estar máis centrado en atacar o BNG que en explicar a súa acción de goberno.

Exacto. O PP está moi nervioso e botado ao monte. Os datos que manexa dinlle que o BNG segue medrando, á alza, e que eles están claramente á baixa. O BNG xa é primeira forza entre as e os votantes de menos de 50 anos. Iso é o que indican hoxe as enquisas. E o PP xa non sabe que facer: a manipulación da TVG e da Radio Galega é grotesca, no Parlamento dedícanse a insultar, andan con mocións de censura e malas artes nos concellos... Son un partido cada día máis ultra e menos galego.

Fronte a ese PP, vostede adoita dicir que o BNG é a forza do futuro de Galiza.

Somos a forza do cambio político en Galiza. É importante explicar que, fóra da TVG e da propaganda do PP, que ás veces parece ocupar todo o espazo,

hai unha Galiza chea de vida, de dinámismo, de ganas de mudar as cousas a mellor. Hai unha Galiza que non se resigna, que é creativa, traballadora e está mobilizada. O BNG é quen representa hoxe ese país novo, que sabe que o cambio real é facernos valer: acabar co espolio do territorio, desenvolver a nosa economía e industria, xestionar directamente os nosos impostos, crear aquí riqueza e emprego poñendo os recursos galegos ao servizo de Galiza.

O panorama estatal é incerto, con risco de eleccións Xerais.

Se houber eleccións, o BNG chegaría cos deberes feitos. O noso traballo en Madrid demostrou que, como dicimos sempre, co BNG, Galiza gaña. Todos os descontos da AP9 e AP53, a quita da débeda de 4.000 millóns de euros, o compromiso de posta en marcha da rede de cercanías ferroviarias en Galiza... todo iso é iso grazas a que Galiza ten voz propia e sen ataduras en Madrid, co BNG. Unha voz galega, social e útil para o noso país. Cada vez máis sociedade galega percibe que é fundamental ter peso político propio no Congreso e no Senado, para acabar coa discriminación das forzas estatais e defender os intereses do noso país.

Contacta connosco!



@bngdeoutes e @bloque



outes@bng.gal

